



Sobre a igualdade de xénero

Diferenzas entre a igualdade
real e a formal

***Si todos os homes nacen libres,
porqué as mulleres nacen esclavas?***

Mary Astell



Porqué falar de igualdade formal e igualdade real

Porque aínda que nos poida parecer que a igualdade é unha realidade na nosa sociedade, aínda queda moito por facer e por cambiar, moito por construír, mulleres e homes xuntos para acadala.

Por eso dende os Servizos Sociais do Concello de Irixoa con esta campaña queremos sensibilizar á comunidade deste municipio, para que traballemos pola igualdade e non demos por conseguido algo que aínda está moi lonxe.

E que mello por empezar que unha reflexión sobre que é igualdade real e que é igualdade formal.

E seguir cun firme propósito de transitar pola igualdade e educar as xeracións máis novas neste contexto de igualdade entre mulleres e homes, xa que a educación é un dos eixes principais da sociedade.



Qué é a igualdade formal?

É aquela se pode observar na normativa xurídica, na lexislación.

En España a primeira referencia neste senso dende a democracia é a **Constitución** e o seu **artigo 14** que di:

"Os españois son iguais ante a lei, sin que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opción > calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social"




Outros textos legais que falan de igualdade

Son moitos os textos legais e normas, tanto a nivel estatal como europeo e ata mundial que falan de igualdade.

Mesmo a Declaración Universal dos Dereitos a Humanos, aprobada pola Asamblea Xeral o 10 de decembro de 1948 afirma que: "Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos...sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión...."

En España, ademáis da Constitución xa mencionada no art. 14 temos leis que promover esa igualdade:

- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integran contra a violencia de xénero
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo



A igualdade formal na C.A de Galicia

Na nosa comunidade contamos con:

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes
- Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febrero, polo que se aprobó o texto refundido das disposicións legais da C.A de Galicia en materia de igualdade

Ademais de numerosos plans de igualdade de diversos Concellos, o Plan de Igualdade da Diputación Provincial da Coruña "**CompartimosPlan**", e os Plans Estratégicos de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a pé de rua e en contacto directo coa poboación están os **Centros de Información á Muller (CIM)**.



Qué é a igualdade real?

Esa é a más difícil, a do día a día, a que nos afecta e compete a todas e todos nós practicar diariamente.

Para conseguila hai que traballar duro en ela, hai que concienciarse, sensibilizarse, educarse nunha nova cultura de igualdade. Supón un cambio profundo de valores e creencias impostas que hai que demoler, cada un/unha de nós na medida das nosas posibilidades, no noso entorno inmediato, no noso alcance. "Cambiar eu para que o mundo cambie" Practicar a cotío non é tarefa fácil, e tampouco é tarefa imposible.

Facelo contribuíra a que cada vez teñamos unha sociedade máis xusta e equitativa.



Equidade de xénero

Proven do latín e significa igualdade.

Pode utilizarse como sinónimo de igualdade, aínda que hai diferenzas entre elas.

O termo equidade fai fincapé nas diferenzas existentes entre as persoas e os seus diferentes posicións nas nosas sociedades e as que se teñen en conta á hora de abordar estratexias para alcanzar unha igualdade de oportunidades.

Así a equidade de xénero significa alcanzar a igualdade mantendo o recoñecemento da diferenza.

Equidade significa xustiza, é dicir, dar a cada quen o que lle pertence.

É o recoñecemento da diversidade, sin que esta sexa a causa de ningunha discriminación.



oitoM

Moito por cambiar,
por mover, por concienciar,
por educar, por entender,
por compartir, por crear,
por gozar, por vivir_

oitoM
día das mulleres

8 DE MARZO DÍA DAS MULLERES

 Deputación
DA CORUÑA

 IGUALDADE
DE XÉNERO

Fontes:

- Curso igualdade de oportunidades: aplicación práctica en la empresa y los recursos humanos.
- Cursos sobre docencia en igualdade Recursos centro de formación.
- Alianzas.com .



Feminista realmente significa pedir a igualdade. Si estás a favor da igualdade, lamento decirche que es un feminista"

Emma Watson

